

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 6, 16-21

Á tardiña, baixaron os discípulos de Xesús ó mar, e, montando nun bote, dirixíanse cara á outra beira, a Cafarnaúm.

Xa era noite pecha e Xesús aínda non chegara onda eles. O mar empezouse a picar, porque ventaba rexo.

Despois de levaren vogado unhas tres millas, viron a Xesús camiñando por riba do mar e, conforme se ía achegando ó bote, empezaron a coller medo. Pero el díxolles:

– «Son eu, non teñades medo.»

Entón queríano facer subir ó bote, pero naquel instante o bote quedou varado no sitio onde ían.